

DISERTACIÓN, QUE É E COMO SE CONSTRÚE

1.- QUE É?

A disertación é, en palabras de Henri Peña Ruiz (1986: 12):

“Un ejercicio reflexivo y crítico de filosofía: no se trata de elaborar un ensayo puramente literario ni una simple exposición escrita acerca de un problema filosófico. Se trata de conseguir desarrollar un proceso de reflexión activo y crítico en el análisis de un problema filosófico, manejando con agilidad y profundidad argumentos y autores de la historia de la filosofía y de la ciencia. El objetivo de una disertación filosófica se resume en tres puntos: identificar un problema en el tema propuesto y definirlo con rigor, reflexionar por escrito de modo ordenado sobre la base de esa definición y construir por medio de esta reflexión un proceso de análisis cuyo resultado es la solución investigada”.

O concepto disertación procede do latín «dissertāre» discutir con frecuencia; composto do prefixo intensivo «dis» e «sertāre» forma verbal de «sertum» que quere dicir enlazado.

Por tanto unha disertación filosófica é un exercicio de “exposición enlazada” dun problema filosófico, na que se defende unha tese con argumentos “a favor” e se critica os argumentos “en contra” das posturas contrarias á túa tese.

2.- COMO SE CONSTRÚE?

Consta de:

- A.- Introducción
- B.- Desenvolvemento
- C.- Conclusión.

A.- Introducción (unhas 10 liñas): Na introdución **preséntase cal é o problema** do que trata o título da disertación (en que consiste o problema).

-Nela **debe aclararse o significado dos conceptos do título** da disertación.

-Tamén **hai que contextualizar o problema filosófico a tratar**: período no que se trata o problema e por que.

- Debe indicarse tamén **se o problema ten actualidade hoxe en día e con que outros problemas se relaciona**.

- Na introdución debes **anunciar tamén os pasos que vas a seguir no teu razoamento** para responder á cuestión formulada. **Por exemplo**: “Comezarei cos argumentos en contra do problema..”, “a continuación presentarei os argumentos a favor que apoian a miña tese” e “finalmente farei unha síntese da miña tese e dos argumentos que a apoian”.

B.- Desenvolvemento (unhas 30 liñas): No desenvolvemento **hai que responder á cuestión formulada no título.**

- Nela hai que **defender unha tese** (a túa tese ou opinión argumentada sobre ese problema).

- **Para defender unha tese os medievais do século XIII** (Tomé de Aquino) utilizaban o método chamado “disputatio” (disputación) ou tamén chamado **método do “sic et non”** ou do **“pro et contra”**. Este método consistía en:

1.- **Primeiro presentar os argumentos “en contra” da tese** que vas a defender e **a continuación “refutalos” ou rebatelos** con outros argumentos ou razóns.

2.- **Logo presentar os argumentos “a favor” da tese** que vas defender para apoiar a túa tese. É dicir, **defender a túa tese con tantos argumentos (razóns) como poidas**. Para iso podes utilizar **afirmacións de autores da filosofía** ou doutras materias que teñan autoridade sobre ese tema.

-**A redacción do escrito debe estar ben “enlazada”,** e nela hai que diferenciar ben entre o que un afirma e o que entenden outros. E para axudar á comprensión da lectura **debes indicar con claridade a parte da disertación que estás a realizar en cada momento**. Por exemplo: “Paso a presentar..”, “A continuación analizarei..”, Vou a enumerar as obxeccións a...”

C.- Conclusión (unhas 10 liñas): **Nela debes resumir todos os argumentos a favor xa expostos que apoian a túa tese.** Podes comezar dicindo: “En conclusión..”, Para rematar..”, En resumo..”. Ten presente o título da disertación para conectalo co que escribas nestas liñas.

-A conclusión **non ten por que ser “pechada”, pois non todos os problemas teñen unha solución definitiva.** Pode expresarse como unha conclusión aberta suxeita a futuras revisións ou como **unha pregunta que invite a reflexionar.**

-Na conclusión **non se deben introducir novas ideas non tratadas no desenvolvemento.**

-Para finalizar podes **utilizar un recurso literario que cause impresión** (Poema, frase célebre, etc)